



# **MEMORIA**

**SOBRE O PRIMEIRO ANO DE XESTIÓN  
DIRECTA DO SERVIZO DE  
ABASTECIMENTO E SANEAMENTO**

**1 de outubro 2015 / 30 de setembro 2016**



**CONCELLO DE TEO**

## UN ANO DE XESTIÓN. AS GRANDES CIFRAS

No estudo de custos que incorpora a “Memoria xustificativa da proposta de xestión directa do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais do concello de Teo”, aprobada polo Pleno Municipal en marzo de 2015, realizábase unha análise dos orzamentos municipais dos últimos anos que permitía determinar con bastante exactitude o realmente gastado neste servizo.

Na seguinte táboa reflíctense os datos alí aportados a partir das liquidacións orzamentarias, tendo en conta o grao de execución e as modificacións que se realizaron:

<b>Orzamento</b>	<b>Gasto total no programa 161</b> Saneamento, abastecemento e distribución de auga	<b>Gasto real no servizo</b> Excluídos grandes investimentos anuais, como plans provinciais e ampliación da ETAP
Exercicio 2011	2.150.007,70€	1.413.074,61€
Exercicio 2012	1.445.342,98€	1.241.924,70€
Exercicio 2013	1.600.770,85€	1.453.155,90€
<b>Media anual de investimento no servizo</b>		<b>1.369.385,07€</b>

NOTA: Non se recollía o ano 2014 por non terse aprobado ningunha liquidación presentada pola operadora (VIAQUA)

A partir destes datos establecíase un obxectivo:

*Consecuentemente, para que a xestión directa polo concello sexa, tal e como establece o artigo 86.1 da LBRL, conveniente e oportuna, o custo de xestión de servizo debe ser inferior a 1.369.385,07€/ano (excluídos custos de amortización). Deste xeito garántese un servizo eficaz economicamente e responsable dende o punto de vista da interlocución cos usuarios, xa que permite a toma de decisións directas.*

### Gastos totais no primeiro ano de xestión

O gasto total no primeiro ano de xestión pública do servizo, estruturado segundo os apartados recollidos na memoria inicial, correspóndese co seguinte resumo, que despois se detalla nos seguintes capítulos desta memoria:

1. Gastos de persoal	<b>259.352,40€</b>
2. Reparación e mantemento de instalacións	<b>177.793,41€</b>
3. Custos enerxéticos	<b>425.195,53€</b>
4. Custos externos. Reparacións e ampliacións	<b>199.349,76€</b>
5. Control e análise da rede de abastecemento	<b>3.043,75€</b>

6. Compensación intermunicipal	- 47.879,94€
7. Control de consumo e recadación	54.716,25€
8. Canon da auga	6.381,04€
9. Gastos de administración	63.383,52€
10. Seguros	2.846,31€
<b>GASTO TOTAL DO SERVIZO</b>	<b>1.144.182,03€</b>

No estudo de custos previo á municipalización do servizo, como lembrábase anteriormente, establecíase un custo máximo asumible de **1.369.385,07€/ano** (excluídos custes de amortización).

**Consecuentemente, dende un punto de vista orzamentario, o gasto real estivo 225.203,04€ por baixo do custo medio de xestión do servizo coa operadora privada**

### Ingresos totais no primeiro ano de xestión

Para avaliar os datos deste primeiro anos, comparámoslos cos últimos anos completos da xestión privada

Ano	Número de abonados/as	Recadación prevista no padrón	Recadación da operadora XESTIÓN PRIVADA
2011	6.427	946.349,91€	904.074,11€
2012	6.606	914.768,12€	874.799,87€
2013	6.711	941.643,14€	906.138,51€
2014	6.785	922.219,07€	887.593,59€
			<b>Recadación Concello XESTIÓN PÚBLICA</b>
4T/2015-3T/2016	6.944	933.149,10€	880.126,13€

NOTA: A recadación total prevista no Padrón incorpora os conceptos: abastecemento de auga, sumidoiros, depuración e 10% IVE. Os datos de recadación de Viaqua son de 30/11/2015. Canto máis tempo pasa o resultado recadatorio é mellor por aplicación da recadación executiva.

A xestión privada non daba conta dos ingresos obtidos por acometidas de auga e de saneamento, só polas taxas municipais destes enganches. Aplicaba ás obras de acometida os prezos que anualmente trasladaba ao concello, pero non os importes totais obtidos polas obras.

O importe dos ingresos por acometidas realizadas polos traballadores municipais neste primeiro ano de xestión (4T/2015-3T/2016), foi de 85.857,14€

**INGRESOS TOTAIS 4T/2015-3T/2016: 965.983,27€**

## RESUMO COMPARATIVO ENTRE A XESTIÓN PRIVADA E A XESTIÓN PÚBLICA

Vistos os ingresos e gastos totais deste primeiro ano de xestión pública, imos comparar os resultados cos custes reais do servizo durante os dous últimos anos completos de xestión privada (o 2015 foi mixto: tres trimestres de xestión privada e un de xestión pública):

Ano	Recadación operadora (recibos+taxa acometida)	Liquidación coa operadora	Gasto en electricidade	CUSTE TOTAL do servizo	DÉFICIT MUNICIPAL
2013	911.688,46	242.544,99	104.401,83	1.258.635,28	-346.946,82€
2014	890.623,59	258.668,38	124.891,17	1.274.183,14	-383.559,55€

Os resultados obtidos no ano de xestión pública:

Ano	INGRESOS TOTAIS	CUSTE TOTAL do servizo	DÉFICIT MUNICIPAL
4T 2015 / 3T 2016	965.983,27€	1.144.182,03€	-178.198,76€

### CONCLUSIÓNS

- ✓ Coa xestión directa do servizo logrouse reducir o déficit do servizo en máis de 200.000€ con respecto ao último ano de xestión privada, o que confirma a EFICACIA da xestión pública do ciclo integral da auga.
- ✓ Outro capítulo onde houbo unha importante redución de custos (pendente dun estudo polo miúdo), foi na execución das obras de ampliación de rede onde se conseguiron aforros superiores ao 40%
- ✓ Neste primeiro ano de xestión pública o elemento con maior incidencia nos resultados foi o custo enerxético, que supuxo máis dun 37% do custo total do servizo.
- ✓ Tal como se establecía no estudo inicial de custos, resulta relevante o incremento de altas no servizo, 184, das cales 98 foron de abastecemento e saneamento, 52 só de auga e 34 só de saneamento.
- ✓ Aínda así, débese valorar que o sistema segue a ser deficitario. Consecuentemente, nos próximos anos débese mellorar a eficacia do servizo na redución de custos, na ampliación da rede e do número de abonados/as, e no incremento da eficacia recadatoria.
- ✓ No ano 2017 debe ser unha prioridade a eficacia enerxética para a redución de custos neste capítulo determinante, e máis especificamente na ETAP e nos bombeos.

## 1. AVALIACIÓN INICIAL

**Outubro 2015**

O 1 de outubro de 2015 procedeuse a recepción das instalacións e os traballadores de *ViAQUA* adscritos ao concello de Teo comezaron a traballar para o Concello en calidade de persoal subrogado cautelarmente (entanto non se resolta a súa reclamación ao xulgado social), mantendo as condicións e especificacións do seu convenio coa anterior empresa concesionaria [Todos co convenio *VIAQUA* (DOG 28/07/2015), excepto a traballadora administrativa (convenio *Aquagest Galicia*, DOG 13/05/2011)].

### 1.1. Persoal

Os traballadores subrogados/as cobren os seguintes postos:

Categoría convenio: GP2 Nivel C – OPER, (Operario Oficial 3ª)  
Antigüidade: 15/01/2007. Contrato indefinido  
Instalacións: EDAR de Calo

Categoría convenio: GP2 Nivel B – OPER, (Operario Oficial 2ª)  
Antigüidade: 01/01/2014. Contrato temporal – Duración obra  
Instalacións: EDAR de Pontevea e bombeos de Verxeles, Gondelle e Pontevea.

Categoría convenio: GP2 Nivel C – OPER, (Operario Oficial 3ª)  
Antigüidade: 02/03/2009. Contrato indefinido  
Instalacións: ETAP. Bombeos abastecemento e depósitos. EDAR Os Tilos

Categoría convenio: GP2 Nivel B – TECN ADM, (Administrativo Oficial 2ª)  
Antigüidade: 01/12/2003. Contrato indefinido  
Oficina: Xestión e atención ao público

Categoría convenio: GP3 Nivel A – OPER, (Capataz)  
Antigüidade: 21/05/2000. Contrato indefinido  
Capataz REDES

Categoría convenio: GP2 Nivel B – OPER, (Operario Oficial 2ª)  
Antigüidade: 05/11/2008. Contrato indefinido  
REDES

Categoría convenio: GP2 Nivel C – OPER, (Operario Oficial 3ª)  
Antigüidade: 24/06/2009. Contrato indefinido  
REDES

Categoría convenio: GP2 Nivel B – OPER, (Operario Oficial 2ª)  
Antigüidade: 18/01/1995. Contrato indefinido  
REDES

Durante este primeiro ano de xestión directa cubríronse dúas prazas de persoal laboral interino mediante concurso público:

- Oficial electromecánico, grupo C2, categoría oficial
- Operario de redes, grupo C3, categoría operario especialista

Quedou deserta a praza de:

- Xefe de instalacións e redes, grupo A1, categoría Técnico superior

A praza de xefe de instalacións e redes volverase a convocar proximamente como grupo A2. Neste momento, pois, o servizo municipal aténdese con 8 traballadores/as subrogados cautelaramente e dous traballadores municipais interinos.

## **1.2. Instalacións**

### **1.2.1. ETAP**

A ETAP foi obxecto dun proxecto de ampliación que rematou a finais do ano 2014, cun custo de máis dun millón de euros que financiou Augas de Galicia nun 60%, aproximadamente. Con esta reforma duplicouse a capacidade da planta, estimándose que cubrirá as necesidades municipais nas dúas próximas décadas.

Con todo, as instalacións base arrastraban unha serie de deficiencias que non foron corrixidas na ampliación nin, por suposto, durante os anos de xestión privada. Consecuentemente, neste primeiro ano de xestión directa foi preciso proceder a executar as seguintes obras:

- Instalación dun sensor de nivel no depósito de auga decantada
- Modificar a automatización no lavado de filtros (por falta de auga suficiente no depósito de auga tratada para realizar o ciclo completo de lavado dos 4 filtros)
- Instalación de ventilación forzada na sala de filtracións
- Cambio de porta interior na sala de reactivos e apertura de porta exterior
- Mellora nos acabados dos paramentos interiores verticais da sala de filtración

O custe total destas actuacións foi de 8.600€.

### **1.2.2. BOMBEO ABASTECIMENTO PEDROUSO**

A empresa xestora privada deixou sen funcionamento, durante anos, o sistema de cloración automática que existía no bombeo de Pedrouso.

No momento de asumir a xestión directa, o bombeo de Pedrouso tiña unha única bomba instalada e funcionando (outra estaba embalada nun caixón sen colocar), o sistema automático de cloración xa non existía, e existían graves problemas de seguridade por perigo eléctrico (cables de elevada tensión accesibles). As obras que foi preciso afrontar con urxencia foron:

- Compra e instalación de sistema de rechloración (5.051,40€)
- Traballos de seguridade eléctrica para superación OCA (3.394,05€)
- Instalación bomba e arranxo do motor (2.805,00€)

### 1.2.3. EDAR OS TILOS

No momento no que o concello asume a xestión directa, a EDAR dos Tilos arrastra tres informes semestrais consecutivos de *Adantia* cunha valoración da calidade global “deficiente”, coa liña de deshidratación de lamas parada durante máis dun ano e que xa reflectía problemas serios nos informes do ano 2013.

No último informe (xuño/novembro 2015) constátanse as seguintes deficiencias:

- A planta conta cun pretratamento deficiente existindo numerosos sólidos na canle de oxidación
- Os equipos da liña de deshidratación de lamas non funcionan
- A bomba 2 de recirculación e purga avariada, aportando a bomba 1 moi pouco caudal

Dado o mal estado xeral da planta, neste primeiro ano de xestión directa foi preciso realizar nela actuacións preferentes:

- Reparación e posta en funcionamento do proceso de deshidratación de fangos (11.277,20€)
- Pozo de barrena para permitir deshidratación e lavado filtros (3.413,41€)

Despois dos investimentos realizados, no informe do segundo semestre de 2016 conseguiu, por fin, unha calidade global “aceptable”.

### 1.2.4. EDAR CALO

Tomando como referencia o último informe de *Adantia*, a calidade global da EDAR era “aceptable”, a pesar de constatar as seguintes deficiencias:

- O equipo de desinfección só ten 9 das 24 lámpadas funcionando
- Rexístranse valores de SSLM no reactor moi elevados en agosto e setembro (*antes da municipalización*), fóra do rango para este tipo de plantas. Isto débese a que se reducen ao máximo as horas de purga e deshidratación co obxectivo de aforrar custo eléctrico

O maior problema da EDAR sitúase no seu deseño. A falta dunha reixa de grosos e dun mecanismo automático de limpeza que evite que se tupa a entrada a EDAR e se realice un vertido directo ao río.

Ningún destes problemas foi corrixido antes da entrega da instalación. Con todo, dada a situación aceptable da planta priorizáronse as actuacións nas outras dúas EDARes e na ETAP. A construción dunha reixa automática de grosos ten un custo duns 35.000-40.000€, investimento que terá que ser realizado en 2017, procedendo a repoñer todas as lámpadas de desinfección.

#### 1.2.5. EDAR PONTEVEA

Tomando como referencia o último informe de *Adantia* (xuño/novembro 2015), a calidade global da EDAR era “deficiente”, encadeando a planta informes negativos durante máis dun ano de xestión indirecta, fundamentalmente debido ás seguintes deficiencias:

- Falta unha sonda de osíxeno e outra avariada
- Falta bomba dosificadora de cloro
- Desaxustados os ciclos nitrificación-desnitrificación
- Rexístranse valores de SSLM no reactor moi elevados, debido a que se reducen ao máximo as horas de purga e deshidratación co obxectivo de aforrar custo eléctrico
- Desaxustada a dosificación de cloro

No primeiro informe de *Adantia* con xestión directa do concello (xaneiro-marzo 2016), conseguiuase unha valoración da calidade global “aceptable”, se ben non se lograron corrixir todos os defectos arrastrados que provocaron unha valoración deficiente no seguinte informe. Están orzamentadas para principios de 2017 as sondas de osíxeno (a anterior operadora, responsable da súa reposición, non a acometeu) e duplicáronse as horas de traballo do reactor, co fin de conseguir axustar os valores de SSLM, ademais de ter realizado neste tempo a reparación do bombeo de recirculación (moi deteriorado).



## 2. PREVISIONS E GASTOS NO PRIMEIRO ANO DE XESTIÓN

### 2.1. Gastos de persoal

#### 2.1.1. PREVISIÓN

Nº	Cargo	Grupo/Categoría profesional	Salario base	Custo total	SITUACIÓN
1	Xefe instalacións e redes	Grupo A1/ Técnico superior	35.167,26€	46.262,53€	Concurso oposición DESERTO
3	Operario de planta (EDAR / ETAP)	C2/Oficial	20.003,34€	3 x 26.314,39€= 78.943,18€	TRABALLADORES SUBROGADOS CAUTELARMENTE
1	Oficial electro-mecánico	C2/Oficial	20.003,34€	26.314,39€	CUBERTA POR CONCURSO OPOSICIÓN dende 01/09/2015
1	Capataz de redes	Grupo C1/ Encargado xeral	23.931,18€	31.481,47€	TRABALLADOR SUBROGADO CAUTELARMENTE
4	Operario de redes	C3/operario especialista	19.329,38€	4 x 25.427,80€= 101.711,20€	3 SUBROGADOS CAUTELARMENTE 1 CONTRATADO por concurso oposición dende 01/07/2015
1	Auxiliar administrativo	C2/Auxiliar	21.520,73€	28.170,64€	TRABALLADOR SUBROGADO CAUTELARMENTE
TOTAL ANUAL				312.883,41€	
<b>TOTAL ANUAL (con compensacións):</b>				<b>337.183,41€</b>	

As compensacións calcularánse tomando como referencia as que teñen os traballadores da concesionaria por penosidade, gardas, festividade e quendas: 24.300€/ano

#### 2.1.2. GASTO REAL COMPUTADO

Programa	Económica	Concepto	Período	Importe
161	13000	Retribución básicas	01/10/2015-31/12/2015	43.069,00€
161	15100	Gratificacións	01/10/2015-31/12/2015	2.222,99€
161	16000	Seguridade social	01/10/2015-31/12/2015	9.899,82€
161	13000	Retribución básicas	01/01/2016-30/09/2016	138.722,59€
161	15100	Gratificacións	01/01/2016-30/09/2016	14.908,54€
161	16000	Seguridade social	01/01/2016-30/09/2016	50.249,68€
161	22699	Outros gastos	01/01/2016-30/09/2016	279,78€
<b>TOTAL</b>				<b>259.352,40€</b>

A diferenza entre o custo real e as previsións débese a que non se procedeu a contratación do xefe/a de servizo ao quedar deserto o concurso oposición e, en menor medida, aos meses nos que as outras prazas convocadas estiveron baleiras.

## 2.2. Reparacións e mantemento de instalacións

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
EDARes Arranxos: 21.927,28€ Reactivos: 6.045,28€ Reposicións: 7.511,59€ Pozo: 3.413,4€ Lubricantes: 1.537,85€ Recollida e tratamento lodos: 26.043,94€		66.523,34€
ETAP Reparacións: 19.217,28€ Reactivos : 6.650€ Sondas e panel CI: 6.741,35€ Mantemento: 61.763,09€		94.376,72€
Bombeos e depósitos abastecemento		7.682,66€
Bombeos saneamento		9.210,69€
<b>TOTAL</b>	<b>283.312,92€</b>	<b>177.793,41€</b>

Os gastos de mantemento das EDARes son difíciles de separar do conxunto de custos do servizo, pois moitos dos gastos destas instalacións aparecen nesta memoria repartidos noutros apartados (en capítulos posteriores).

Os gastos da ETAP incrementáronse sobre as previsións porque o retraso na contratación do director do servizo obrigou a contratar una asistencia técnica de control. O incremento de custo compénsase coa redución de gasto no capítulo de persoal.

## 2.3. Custos enerxéticos

### 2.3.1. ELECTRICIDADE

Instalación	PREVISIÓN	Gasto real
EDAR de Calo (2012)	63.494,90	54.706,45€
EDAR de Pontevea (2013)	32.751,55	36.515,93€
EDAR de Os Tilos (estimado)	20.000,00	18.149,46€
Bombeo saneamento de Verxeles (2013)	21.414,21	17.682,00€
Bombeo saneamento de Gondelle (2013)	13.477,97	23.426,38€
Bombeo saneamento de A Ribeira (2013)	9.364,39	9.831,81€
Bombeo saneamento de Balcaide (estimado)	5.000,00	756,27€
Bombeo saneamento de Mallos (2013)	3.047,75	3.561,89€
Bombeo saneamento de Vilaverde (estimado)	5.000,00	301,93€
ETAP e Impulsión Rial do Mato (estimado)	38.000,00	202.378,50€
Impulsión Pedrouzo: 3 x 55 KW (estimado)	15.000,00	48.865,27€
<b>TOTAL</b>	<b>226.550,77€</b>	<b>416.175,89€</b>

### 2.3.2. COMBUSTIBLES

Coches e maquinaria	PREVISIÓN	Gasto real
Gasoil e gasolina	12.000,00	9.019,64€
<b>TOTAL Custo enerxético</b>	<b>238.551,77€</b>	<b>425.195,53€</b>

## 2.4. Custos externos. Reparacións e provisións

### 2.4.1. MATERIAL REPARACIÓN E AMPLIACIÓN DE REDES:

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Material funxible	6.500€	0,00€
Material reparacións e repostos maquinaria	24.000€	11.371,18€
Reposición pavimentos (asfaltados)	25.000€	12.472,32€
Material ampliación redes:	10.000€	39.958,22€
Graxas e lubricantes	4.000€	0,00€
Reposición EPI's e vestuario	7.000€	10.300,96€
Tapas pozos e abastecemento "Augas de Teo"	0,00€	20.780,78€
	<b>76.500€</b>	<b>94.883,46€</b>

### 2.4.2. SERVICIOS EXTERNOS PARA REPARACIÓN E OBRAS HABITUAIS

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Camión cisterna	40.000€	68.558,79€
Aluguer de pequena maquinaria e dispositivos inspección	12.000€	2.795,99€
Traballo de palas escavadoras e camiós	30.000€	24.462,76€
Reparacións e rotulación vehículos e maquinaria	0,00	1.451,10€
Obras previas realizadas por Viaqua:	0,00€	7.197,66€
	<b>82.000€</b>	<b>104.466,30€</b>

### TOTAL

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Reparacións especiais	24.000,00€	0,00€
Material	76.500,00€	94.883,46€
Reparacións e obras habituais	82.000,00€	104.466,30€
<b>TOTAL CUSTOS reparación e provisión</b>	<b>182.500,00€</b>	<b>199.349,76€</b>

## 2.5. Control e análise de rede de abastecemento

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Analíticas	14.996,00€	3.043,75€
<b>TOTAL CUSTOS control e análise de rede</b>		<b>3.043,75€</b>

## 2. 6. Compensación intermunicipal

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Contribución Ames xestión EDAR Calo-Milladoiro	- 92.609,65€	- 62.579,94€
Custo auga mercada ao concello de Ames	0,00€	14.700,00€
<b>TOTAL</b>	<b>- 92.609,65€</b>	<b>- 47.879,94€</b>

## 2.7. Control de consumo e recadación

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Lectura de contadores	21.603,20€	12.594,52€
Taxa recadación Deputación	44.282,07€	0,00€
Xestión bancaria de cobros	0,00€	3.409,30€
Xestión facturación (xeración recibos/cálculo canon)	0,00€	13.131,31€
Impresión facturas e envío correos	0,00€	18.321,12€
Cota anual uso 1016 programa xestión	0,00€	7.260,00€
<b>TOTAL</b>	<b>65.885,27€</b>	<b>54.716,25€</b>

## 2.8. Canon da auga

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Canon auga	8.151,61€	6.381,04€
<b>TOTAL</b>	<b>8.151,61€</b>	<b>6.381,04€</b>

## 2.9. Gastos de administración

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Nave almacén Aluguer nave: 10.164€ Taquillas e armarios: 1.420,54€ Acondicionamento: 1.453,24€	9.000,00€	13.037,78€
Electricidade nave e depósito Tilos	2.000,00€	3.714,50€
Mensaxería/correos	1.500,00€	629,56€
Telefonía fixa, móbil e datos	2.000,00€	5.987,75€
Limpeza	1.000,00€	0,00€
Mantemento web	1.000,00€	0,00€
Consumibles	2.000,00€	0,00€
Renting 6 furgonetas equipadas para reparacións (2.328,04€/mes) e aluguer vehículos (previo renting)	37.000,00€	37.442,91€
Tribunais oposicións	0,00	279,78€
Marca e publicidade	0,00	2.291,24€
<b>TOTAL</b>	<b>55.500€/ano</b>	<b>63.383,52€</b>

## 2.10. Seguros

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Seguros de responsabilidade civil, vehículos,... Seguro furgoneta propia: 549,69€ Multirisco, responsabilidade civil e accidentes: 2.296,62 (7% das pólizas xerais do concello)	24.000,00	2.846,31€
<b>TOTAL</b>	<b>24.000,00€</b>	<b>2.846,31€</b>

## ANEXO

### Custos iniciais de posta en marcha do servizo

Concepto	PREVISIÓN	Gasto real
Mobiliario oficina	1.000,00€	Dependencias municipais
Equipos informáticos+	4.000,00€	516,67€
Creación web	4.000,00€	PENDENTE
Material oficina e nave (taquillas e outros)	1.000,00€	1.420,54€
Vestuario	9.000,00€	Incorporado en gastos permanentes
1 vehículo	12.000,00€	17.800,00€
Martelo picador con compresor hidráulico	2.500,00€	3.227,07€
Grupo electrógeno	1.500,00€	PENDENTE
2 bombas de achique	1.500,00€	547,77€
(2) Cortadoras de asfalto	2.500,00€	2.225,30€
Compactadora e outros	1.500,00€	3.595,39€
Formigoneira	1.000,00€	PENDENTE
Remolque e compresor	20.000,00€	15.957,00€
Cortacésped e desbrozadora (Pte)	2.000,00€	1.390,00€
Outros medios auxiliares (ferramenta)	12.000,00€	7.801,69€
2 rebarbadoras de batería	2.000,00€	2.587,78€
Cámara de auga potable	4.000,00€	PENDENTE
Cámara control rede saneamento	10.000,00€	PENDENTE
Control de proceso e formación ETAP (6 meses)	18.201,66€	Incorporado en gastos permanentes ata oposición
8 iMeters para rede abastecemento	8.000,00€	PENDENTE
Phmetro e oxímetro portátil	0,00€	2.913,00€
2 turbidómetro/fotómetros/clorómetros	0,00€	2.598,60€
Taladro de acometidas	0,00€	3.230,70€
Remolque	0,00€	1.800,00€
10 teléfonos móbiles	0,00€	822,80€
Alta no servizo de xestión informática	0,00€	9.680,00€
Detector múltiple de gases portátil	0,00€	1.246,30€
<b>TOTAL</b>	<b>117.701,66€</b>	<b>79.360,61€</b>